

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **5 de abril de 2024**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (21/12/2023 e 11/01/2024).
2. O Director informa do seguinte:
 - a. O pasado 11 de xaneiro de 2024 tívose a visita do alumnado da Escola Profissional de Trancoso (Portugal).
 - b. A Conferencia de Directores e Decanos de Enxeñaría Informática (Coddii) celebrou unha asemblea xeral en Zaragoza o pasado 25 de xaneiro de 2024. Nela rematouse a elaboración das fichas acordando todas as competencias para a obtención dunha profesión regulada. Tamén houbo eleccións á Presidencia da Coddii e a renovación da Comisión Permanente, sendo o Director da ESEI elixido membro de dita Comisión.
 - c. O pasado 30 de xaneiro de 2024 celebrouse o XOU (Xornada de Orientación Universitaria).
 - d. Do 1 ao 3 de febreiro de 2024 celebráronse na ESEI as Xornadas de Formación RITSI ((Reunión de Estudantes de Enxeñerías Técnicas e Superiores en Informática).
 - e. O 3 de febreiro de 2024 tivo lugar a Olimpíada Informática Galega organizada pola ESEI e Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.
 - f. Os días 7 e 22 de febreiro e 6 e 20 de marzo de 2024 tivo lugar o evento “Charla ESEI Grado2”.
 - g. A VII Xornada do Exxperimenta en feminino celebrouse o 16 de febreiro de 2024.
 - h. No Consello de Campus celebrado o 8 de marzo de 2024, manifestouse que a ESEI está corta de recursos con respecto a aulas e que no próximo curso académico se implanta o terceiro curso do Grao en Intelixencia Artificial.
 - i. O pasado 14 de marzo de 2024, presentouse en Santiago de Compostela o Grao en Enxeñaría Informática para a distinción do selo de excelencia. Espérase que a decisión se reciba durante a semana do 8 de abril de 2024.
 - j. O 15 de marzo de 2024 tívose a visita do I.E.S. As Lagoas.

- k. Durante os días 19 e 20 de marzo de 2024 recibíuse a vista do alumnado pertencente a colexios da provincia e arredores para coñecer as instalacións do campus.
 - l. O 17 de abril de 2024 terá lugar o evento Womenceo no Parque Tecnópole de Ourense.
 - m. A Feira de Emprego ESEI e EmpregoInCampus celebrárase o 18 de abril de 2024.
 - n. Como enlace para a galeguización nomeouse ao profesor D. Hugo Fernández López.
 - o. Comezaron as obras de impermeabilización.
3. Apróbase por asentimento os criterios de elaboración de horarios para o curso 2024/2025.
 4. Apróbase por unanimidade o Calendario Académico para as titulacións da ESEI, curso 2024/2025.
 5. Apróbase por asentimento os Períodos de Avaliación para as titulacións da ESEI, curso 2024/2025.
 6. Apróbase por unanimidade o Calendario de Traballos Fin de Grao para o Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2024/2025.
 7. Apróbase por unanimidade o Calendario de Traballos Fin de Máster para os Máster en Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial para o curso 2024/2025.
 8. Apróbase por asentimento a listaxe das materias básicas de Grao en Enxeñaría Informática que se adscriben ao ámbito de coñecemento do título.
 9. Apróbase por unanimidade o Procedemento de Control dos Documentos e dos Rexistros (XD01).
 10. Apróbase por asentimento a distribución do orzamento para o ano 2024.
 11. Apróbase todos os representantes que presentaron a súa candidatura ás comisións do centro.
 12. Non hai asuntos de trámite.
 13. O Director informa de que se recibiron dúas queixas.
 14. A alumna D.^a Cristina Lavadores pregunta como se xestiona a subvención que lle outorgaron á ESEIDA.